



-Desafiando a treboada un centenar de persoas concentráronse no “Día internacional contra o cancro” a prol dunha cobertura digna para os pacientes con esta doenza, diante do INSS en Coia.

Este martes 4 de febreiro “Día Internacional contra o cancro” tivo lugar unha concentración diante do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) en Coia, na procura de protección socioeconómica para as persoas que sofren a enfermidade. Convocada por Beatriz Figueroa, paciente con esta doenza e autora dunha iniciativa parlamentaria a prol de garantir unha cobertura digna aos pacientes, case un centenar de persoas achegáronse para acompañala a pesar da treboada que afectou durante todo o día o país.

### **Unha loita a dúas fronteas**

A batalla contra o cancro líbrase en dúas fronteas. O primeiro, ben coñecido por todos, é a propia enfermidade, que “no peor dos casos mata, no mellor perdoa, e en moitas ocasións mutila. Os que nos atopamos dentro deste terceiro caso vémonos obrigados a loitar nunha segunda fronte: o da Administración”, sinalaba Beatriz Figueroa tras rematar a concentración

“Os que sufrimos un cancro que nos imposibilita para exercer o noso oficio durante un longo período de recuperación, se na data do diagnóstico estamos en desemprego contributivo, cobrando o paro, cando se esgota pasamos a percibir do INSS independentemente dos anos que traballemos e da base de cotización 426,00€ e temos que abonar a achega do 40% dos medicamentos, imprescindibles para a nosa supervivencia”, denuncia.

## **O debate chega ao Congreso dos Deputados**

Por este motivo, a deputada Olaia Fernández Dávila do BNG, presentou no Congreso dos Deputados unha proposición de lei e unha proposición non de lei que insta ao Goberno a mellorar a protección laboral e de seguridade social das persoas enfermas de cancro.

Elaborada por un experto na materia, o catedrático de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Universidade de Vigo Jaime Cabeza Pereiro, propónse a modificación da Lei Xeral de Seguridade Social para que se considere en situación de incapacidade permanente a toda persoa diagnosticada dun carcinoma unha vez que esgotado o prazo máximo de duración da incapacidade temporal ata que a súa curación sexa presumiblemente definitiva.

En concreto, demanda que se manteña esta cualificación ata que o enfermo, “pase a unha situación na que as revisións médicas derivadas da súa doenza prolónguense, cando menos, en espazos de tempo de seis meses”.

## **Na procura de máis apoios**

“O cancro non ten partidos nin ideoloxías” sinalaba Beatriz no correr da mañá. Por iso durante estes días está na procura de contactos con outros partidos políticos que sumen o seu apoio cando o proxecto entre a debate no Congreso. Segundo sinalou a VM, durante a concentración deste luns estivo presente a concelleira viguesa de Benestar e Igualdade, Isaura Abelairas do PSOE, quen iniciará xestións para que o seu partido tamén acompañe a iniciativa.